CIRCULAR INFORMATIVA 20/2026

1. LISTAS PARA ACTUAR COMO ADMINISTRADORES CONCURSAIS 2027

Coma cada ano, antes do 31.12.2026 o Colexio da Avogacía remite aos xulgados do Mercantil da Coruña unha lista actualizada con todos os colexiados dispostos a actuar como administradores concursais.

Por ese motivo, ábrese un **prazo ata o día 07.12.2026, ás 14.00 h,** para que os colexiados e as colexiadas interesadas poidan solicitar por escrito ante a secretaría do Colexio a súa inclusión nesta lista. As solicitudes poderán remitirse á conta: rexistro@icasantiago.org

Os colexiados e colexiadas que figuraban de alta na lista do ano anterior continuarán de forma automática na lista que se elabore para o 2027, salvo que comuniquen a súa baixa por escrito.

Os requisitos de acceso á lista son os seguintes:

— Ser letrado/a exercente.
— Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.
— Dispoñer de alta no seguro de responsabilidade civil coas coberturas esixidas pola Lei concursal

As sociedades profesionais que soliciten a alta nesta lista deberán cumprir os requisitos previstos na Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, así como o aplicable na Lei concursal.

ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO
CVE:1751086JW3PR
VERIFICACIÓN: http://2.136.12.22:8020/cve.aspx